

## 2ª AVALIACIÓN PARTE II:

### Estándares:

- 1- A ORIXE DO COSMOS NA CORRENTE PRESOCRÁTICA
- 2- REALIDADE E COÑECIMENTO EN PLATÓN
- 3- FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES

### Introducción á Historia da Filosofía

A Filosofía, é o intento de explicar a realidade dunha forma racional en contraposición ás explicacións non racionais do mito. Xorde en Greza a partires do s. VII a. de C. e vai evolucionando lentamente dende entón.

Na India e na China déronse, incluso antes que na propia Greza, aproximacións de enorme importancia ao que hoxe coñecemos como pensamento filosófico, pero nestes casos non podemos falar de Filosofía propiamente dita porque as *sabedorías* orientais non se formulan nos termos estritamente racionais –é dicir, dando razón, *explicando* os ‘porqués’ do que se di– que son esixibles ao que na Cultura Occidental veuse a denominar como Filosofía, o que non significa que ditas sabedorías sexan inferiores, senón que son modos distintos de acceder ao ‘coñecemento’ da realidade.

O feito de que a Filosofía, en sentido estrito, xurda en Greza obedece á confluencia dunha serie de factores que facilitaron a súa aparición. Os máis salientables son os seguintes:

- A Cidade –**Pólis**– e a Democracia: A vida dos gregos –en realidade só a dos cidadáns libres– réxese polo dominio da lei –**nómos**–, polo orden, pola racionalidade e o respecto ás diversas opinións. Noutras palabras, na súa vida pública os cidadáns están acostumados a usar a razón polo que lles parecerá o máis normal utilizala noutros ámbitos como o do coñecemento da realidade.
- A forma de vida grega na polis baseábase na **escravitude** o que propiciou que os homes libres foran donos dunha grande cantidade de ‘tempo libre’ que, segundo Aristóteles, era condición indispensable para a Filosofía –concibida como unha actividade contemplativa que fuxía do traballo manual indigno do home libre. Naturalmente esta situación non pode ser interpretada actualmente do mesmo xeito posto que nos nin xustificamos a escravitude, nin cremos que o traballo manual sexa incompatible coa actividade intelectual, pero o que ocorreu de feito é que nesa época e nesa sociedade os únicos homes que se podían dedicar á Filosofía eran os que ‘tiñan tempo’ para facelo aínda que, desgraciadamente, a costa da escravitude doutros.
- A **relixión** das polis gregas carecía de dogmas inamovibles polo que non existía o que hoxe denominamos ortodoxia relixiosa –Homero e Hesíodo, principais fontes da relixión grega, construíron versións mitolóxicas que a miúdo eran contraditorias entre si. O sacerdocio non era estable polo que non había ‘intereses de clase’ que defender nin

‘gardiáns da verdadeira relixión’. Esta situación propiciou unha liberdade de pensamento nada común noutras sociedades cunha relixión fortemente institucionalizada –pensemos no cristianismo das sociedades medievais e na Inquisición– e inclinou aos homes cultos da época a un certo escepticismo relixioso e a interpretacións racionalistas dos mitos relixiosos.

- Por último, e unha vez superada a etapa inicial da civilización grega de carácter fundamentalmente agrario e pechada en si mesma, a polis converteuse nun centro comercial **aberto ás influencias culturais** externas –asiáticas e exipcias– o que enriqueceu a súa cultura e fomentou un ambiente propicio ás novidades e á creación intelectual.

A polis, como acabamos de ver, é un dos máis peculiares e distintivos elementos da cultura grega. Polo nome de polis coñécense as cidades estado típicas da Greza antiga que constituíron a forma política propia da mesma até o helenismo, época na que o imperio de Alexandre Magno (s. IV a.C.) substitúeas como modelo de organización política.

A súa orixe remontase ao século VII a. C. como resultado da lenta reorganización política e social que seguiu á desaparición da civilización micénica –os ‘aqueos’ que, encabezados polo rei Agamenón, participan na guerra de Troia na *Iliada* de Homero– que entrou en declive en torno ao s. XII. a. C. probablemente pola invasión doutro pobo grego do norte, os dorios. As polis típicas xorden como a unión entre o núcleo urbano e o campo, de maior ou menor extensión, que o rodeaba e, en xeral, se asentaron nas cidades micénicas precedentes.

A polis xeralmente estendíase en torno a unha **acrópole** –fortificación elevada– que se situaba nun outeiro e podía servir como refuxio en caso de ataque. O contorno da polis estaba constituído por **terreos fértiles, que eran de propiedade privada e destinábanse á agricultura, e outros campos que non eran tan produtivos e dedicábanse a pasto e adoitaban ser comunitarios**. Case todas as polis estaban cerca do mar, pero o porto adoitaba ser un núcleo distinto á propia polis.

Un elemento básico do urbanismo das polis facilitaba tanto o intercambio de opinións políticas ou de calquera outro tipo sobre os máis diversos temas, especialmente, como veremos, nas polis democráticas. Este elemento era a **ágora**, a praza pública, centro dos debates políticos, unha especie de parlamento onde se reunían os cidadáns para expresarse libremente o que axudou notablemente á difusión desa nova forma de pensamento chamada filosofía que, fundamentándose na razón, tratará de dar explicacións dos fenómenos da realidade máis fundamentadas que as dos mitos ou crenzas relixiosas.

**Todas as polis tiñan, como acabamos de sinalar, elementos comúns pero as súas constitucións políticas e gobernos podían ser moi diferentes, como sinalaron tanto Platón como Aristóteles –que, aínda que dende diferentes puntos de vista, dedicaron unha boa parte do seu pensamento a explicar as formas,** funcións e composición da polis como tamén fixeron, con posterioridade, moitos pensadores do período helenístico–, abarcando a monarquía, o goberno militar –timocracia–, o poder ostentado polas familias máis influentes e poderosas da cidade –oligarquía–, o goberno exercido polo conxunto dos máis sabios ou con máis experiencia –e por elo considerados os mellores para exercer o poder, a aristocracia–, a tiranía e a democracia.

Este último, **a democracia, é o tipo de goberno máis importante dende o punto de vista do inicio e desenvolvemento da filosofía polo feito, sinalado máis arriba, de que a vida dos cidadáns gregos que vivían en polis democráticas, como o caso de Atenas, réxese polo dominio da lei –nomos–, polo orden, pola racionalidade e o respecto ás diversas opinións. Sendo que, na súa vida pública, os cidadáns están acostumados a usar a razón, lles parecerá o máis normal utilizala noutros ámbitos da súa vida ademais do político** e dicir, lles resultará do máis normal facer filosofía, estudar libremente e sen prexuízos a realidade.

Non debemos crer, sen embargo, que a democracia das polis gregas era en todo semellante á o tipo de goberno que hoxe denominamos co mesmo nome. Para empezar existían os **escravos** que eran unha grande parte da poboación e, dende logo, non tiñan ningún dereito político. As **mulleres** tamén eran completamente ignoradas como suxeitos políticos. Os **estranxeiros** –metecos–, aos que se lles prohibía expresamente ter propiedades, tampouco tiñan dereitos políticos aínda que fosen homes libres. So se podía ser cidadán, en

definitiva, por nacemento no seo dalgunha das estirpes familiares da polis e se se era varón adulto, só isto lles daba dereito, os chamados cidadáns, a participares plenamente na vida política.

Finalmente, xa en vida de Aristóteles, durante a formación do imperio de Alexandre e, máis aínda cos reinos helenísticos posteriores, o modelo político da Polis entra en decadencia e se inaugura unha nova época na que os valores democráticos, que formaban parte da vida de moitos gregos, quedan abolidos por un novo modelo político baseado no goberno unipersonal sobre territorios moito máis amplos cos das vellas polis, iniciándose así unha época de crise e busca de novos valores nos que fundamentar o novo xeito de entender a política e mesmo a vida.

## TEMA 1: A ORIXE DO COSMOS NA CORRENTE PRESOCRÁTICA:

### 1.1.- O PASO DO MITO AO LOGOS:

A Filosofía xorde como o intento de substituír por unha explicación racional a explicación mítica dos fenómenos. Imos ver que son tanto o **Mito** como a explicación racional que os gregos denominaban **Logos**.

Dende que o home existe, a Natureza e os seus fenómenos producíronlle un asombro e unha curiosidade que só se podían satisfacer tentando darlles algún tipo de explicación. Aparecen así as explicacións mitolóxicas da orixe do Universo, das forzas naturais, do movemento dos astros, e de calquera outra cousa á que non se lle puidera atribuír unha causa directamente observable.

A explicación mítica caracterízase por divinizar as forzas naturais de forma que, ou ben son deuses directamente, ou ben son o resultado das accións dos deuses. Como consecuencia disto todo o que ocorre na Natureza depende da vontade dos deuses –de que queiran ou non que algo suceda–, nada pode ser previsto, todo sucede de forma arbitraria –porque si, sen ningunha razón.

Fronte a este tipo de explicación –que non deixa de ter o seu valor– presente na súa propia cultura, os gregos opuxeron o que eles coñecían co nome de Logos ou explicación racional. O Mito era unha explicación pero non era racional. **O Logos negará a arbitrariedade, o que sucede, ocorre por necesidade non por casualidade ou por capricho.** Por exemplo, se o sol sae todos os días non é porque a Apolo lle de a gana se non porque o seu movemento sometese a unha serie de leis eternas e inmutables que obrigan a ese astro a comportarse sempre da mesma forma –hoxe sabemos que o que se move é a terra e que o seu movemento obedece a motivos cós primeiros filósofos nin sequera sospeitaron pero isto non lle quita mérito á intuición grega.

O mérito da explicación racional non reside tanto en que sexa correcta, de feito a maior parte do que os gregos consideraron como racionalmente explicado é falso, como en que non da nada por explicado se non se fundamenta en razóns intelixibles. É fácil ver como neste tipo de explicación si que é posible a aparición dunha actitude máis cercan á ciencia –que, tal e como nos a coñecemos, non apa recerá hasta moitos séculos despois.

A idea de **necesidade** aparece vinculada a unha serie de conceptos fundamentais na explicación racional –Logos– da realidade:

O máis relevante é o de **Esencia** –o que algo é. Se as cousas acontecen de xeito necesario debe ser porque nelas hai algo permanente ou constante que fai que se comporten dun xeito determinado e non doutro.

O **coñecemento** consistirá, nestas condicións, en captar o común e o permanente, e dicir a esencia. Pero, con que facultade coñecemos a esencia?. Os gregos creron que os nosos sentidos captaban as aparencias das cousas pero non a súa verdadeira esencia. Esta só podía ser captada mediante unha facultade especial que sería a razón.

A busca de esencia cada vez máis xera is revela a convicción que tiñan os gregos de que o universo está formado por un ou moi poucos elementos que constitúen a súa esencia. A este último –ou últimos– elemento déronlle o nome de **arkhé** ou principio da realidade. É característica da filosofía grega, da explicación racional no seu comezo, a pregunta polo **arkhé**.

### 1.2.- A NATUREZA (PHYSIS):

O concepto de ‘natureza’ ou ‘physis’ é fundamental na concepción grega da realidade e está relacionado cos conceptos dos que falamos anteriormente. **Ten dúas grandes acepcións:** por natureza pódese entender: a) **o conxunto das cousas** –non ‘fabricadas’ polo home ou artificiais– que compoñen o universo, a totalidade do universo ou ben,

como vimos, o que é propio dunha cousa, b) **o que unha cousa é, é dicir, a esencia, o que permanece.**

### **Características** do concepto de **natureza**:

1.- A natureza está vinculada ao concepto de **necesidade** tanto entendida **como totalidade** –existe un orden necesario o universo e un **cosmos, non un caos**– como entendida como esencia – cada ser do universo comportase ‘necesariamente’ como corresponde o que é, oleón como león, a pedra como pedra, etc.

2.- **A natureza é dinámica.** O universo mostra continuos cambios ‘ordenados’ –o cambio estacional, o movemento dos astros, etc. Renegar do cambio, do movemento, será renegar da natureza.

3.- **movemento e o cambio na natureza son movemento e cambio propios dos seres naturais.** Isto e o que permite distinguir radicalmente entre seres naturais e artificiais. Calquera cousa fabricada polo home non posúe máis propiedades físicas que as dos materiais naturais que a compoñen,

## 1.3.- OS PRESOCRÁTICOS

Os presocráticos reciben este nome porque a meirande parte deles foron anteriores a Sócrates aínda que algún foi seu contemporáneo e Demócrito mesmo viviu despois da morte deste. Sen embargo, a temática socrática é totalmente distinta da destes filósofos que **se interesaron fundamentalmente polo estudio da natureza**. Os presocráticos tratan de dilucidar cal é o principio, o ‘arkhé’, do que todo procede sendo en eles máis importante a pregunta mesma sobre a orixe que as diversas respostas que ofrecen.

É case seguro que todos eles deixaron obra escrita pero nos só posuímos fragmentos citados por outros autores e interpretacións das súas teorías que quizais non sexan sempre exactas.

Aínda que hai algunha excepción –Anaxágoras pese a ser xonio de nacemento traballou en Atenas, e Demócrito naceu en Tracia– **todos eles naceron e traballaron ben en Xonia –costas da actual Turquía– ben en Italia meridional.**

Os xonios seguirán unha orientación ‘científica’ influenciados polos logros exipcios e mesopotámicos e os **ítálicos terán unha certa tendencia ‘mística’** e si non están directamente influenciados polo orfismo, polo menos presentan similitudes con esta ‘relixión mística’.

### A) **MONISTAS:**

#### **Tales de Mileto** (Xonia) (624-546 a. C.):

O arkhé e a auga. Puido partir da observación da necesidade da **auga** para a vida. Probablemente concibía a natureza –formada por auga – como algo vivo e con movemento, o Universo sería, entón, un ser animado, vivo.

#### **Anaximandro** de Mileto (Xonia) (610-545 a. C.):

Probablemente discípulo de Tales. O seu arkhé é un elemento indefinido, non empírico, pero material, que el denomina **‘apeiron’** –o indeterminado. Precisamente por ser algo indefinido –que non se identifica con ningunha materia concreta– pódese concibir máis facilmente como todas as cousas – tan distintas entre si– derivan dun único arkhé. Tamén **supón un avance ‘abstractivo’ en canto que se desvincula dos elementos concretos.** O apeiron é, como en xeral todos os ‘arkhés’, eterno e imperecedoiro. **A cosmoxía de Anaximandro supón que do apeiron sepáranse substancias opostas – oposición de contrarios– (Eterno retorno)** e cando unha prevalece prodúcese unha reacción que restablece o equilibrio. –p. ex.: o calor do verán e substituído polo frío do inverno. Os ‘opostos’ sepáranse nun proceso de rotación que forma o universo, deixando o frío e húmido no centro e o quente e seco o seu redor –o calor fai que se evapore parte da auga xurdindo a terra seca e constituíndo o vapor o ceo que circunda a terra, ceo que deixa ver, alén del, o fogo exterior –as estrelas. **A vida xorde da auga e todos os animais, incluído o home, descendem dos peixes –unha idea extremadamente moderna.**

#### **Anaxímenes** de Mileto (Xonia) (585-524 a. C.):

Discípulo de Anaximandro non afonda no esforzo de abstracción do seu mestre e postula como arkhé o **aire.** É o primeiro en explicar mediante que procesos todo provén do arkhé. Todo ven do aire a causa dun dobre proceso de **‘rarefacción’ e ‘condensación’.** Por rarefacción o aire se converte en lume e por condensación, progresivamente, en vento, nube, auga, terra e pedra.

### **Pitagóricos** (itálicos):

Non podemos certificar a existencia real de Pitágoras, personaxe que aparece envolto en lendas, pero si que podemos afirmar a existencia dunha 'escola' pitagórica entre os séculos VI e V a.C.. Dita escola ten un enorme contido místico-relixioso –transmigración e reencarnación das almas en todo tipo de seres –posto que estamos emparentados con todos os seres vivos. Cren tamén no Eterno Retorno.

As súas achegas 'científicas', de indubidable valor, están sempre bañadas dun contido místico. O **arkhé son os números**. Quizás esta afirmación se deba á observación de que certas constantes universais, como os intervalos musicais, poden ser expresadas numericamente.

Seguramente porque confundían o punto xeométrico coa unidade aritmética, **concibían aos números como entidades espaciais, e dicir: reais** –ós gregos, ata Platón, resultáballes difícil imaxinar que algo puidese ser real se non ocupaba un lugar no espazo.

Son dualistas no sentido de que cando afirman que o arkhé son os números o que queren dicir e que o que constitúe a Natureza e a oposición entre os contrarios expresada polo **par/impar ou o limitado/ilimitado**, e dicir: son dous elementos –e non un como ata agora– opostos os que constitúen os elementos últimos da Natureza. Este dualismo implica unha doutrina da harmonía, necesaria para que coexistan os opostos no cosmos –que non é outra cousa que un todo harmónico. **(eterno retorno)**

### **Heráclito de Éfeso** (Xonia) (544-484 a. C.):

Chamado 'O Escuro' pola dificultade que entrañaba a comprensión da súa doutrina. A súa filosofía contraponse á de Parménides.

O arkhé é o lume, todo sae e perece no lume para renacer de novo nun Eterno Retorno, antiga idea grega que xa apuntaba en Anaximandro e que reaparece en Platón e os estoicos. Sen embargo, neste filósofo, non é tan importante a teoría sobre o arkhé como a súa concepción do mundo como un continuo devir, un permanente cambio e movemento como podemos comprobar na experiencia. Todo flúe. Se todo cambia continuamente non podemos falar de que algo sexa exactamente o mesmo agora e inmediatamente despois –non podemos bañarnos dúas veces no mesmo río–, polo tanto, non hai un 'ser' constante e permanente o que fai imposible definir algo esencialmente –posto que a definición perdería o seu valor de inmediato– o que impedirá a existencia dun coñecemento certo e seguro, 'científico'.

O cambio prodúcese porque a Estrutura da realidade basease na oposición de contrarios – quente-frio, guerra - paz, día -noite...– e hai un continuo movemento dun extremo a outro. Pese a que a realidade é contraditoria, existe unha harmonía entre os elementos opostos. Esta harmonía está garantida por un Logos ou 'Razón', que rexe o mundo e a mente humana. Hai coincidencia entre a orde do real e a orde da razón –idea que aparecerá moitas veces na historia da filosofía.

### **Parménides de Elea** (itálico) (540-470 a. C.):

É o filósofo máis importante da escola de Elea. Probablemente ao principio seguiu ao pitagorismo para deixalo máis tarde. Puido coñecer a doutrina de Heráclito á que, en calquera caso, é totalmente oposto. Escribiu un 'Poema' no que expón a súa filosofía, e do que conservamos bastantes fragmentos. O 'poema' ten dúas partes, a vía da verdade na que expón a súa doutrina, e a vía da opinión –dóxa– na que presenta teorías coas que non está de acordo.

'Só o ser é, e a nada non é', ademais só o que existe é pensable e o que non existe non pode ser pensado xa que nin sequera é concibible –identidade do ser e do pensar–, en consecuencia, só existe o Ser

–e dicir, a Realidade– concibido como algo corpóreo, material –non se menciona ningún arkhé concreto ou empírico– que é: único, eterno –inxénito e imperecedoiro–, inmóbil, continuo, indivisible e finito.

É claro que o Ser ten que ser eterno pois non provén doutra cousa xa que esa cousa 'non sería' – sería nada, que é tanto como dicir que non sería–, nin sequera podería ser pensada. Naturalmente o Ser ten que ser único pois se houbera outra cousa sería o 'non-Ser' é dicir, outra vez a nada. A inmovilidade do Ser tamén resulta evidente se pensamos que todo cambio implica ir do que se é ao que non se é, e o que non é Ser e nada e polo tanto, fora do Ser.

Parménides dá unha explicación tremendamente lóxica para xustificar a inexistencia do movemento e o cambio co obxectivo fundamental de negar a aparencia, aquilo que captan os sentidos e que só serve para fundamentar a opinión –doxa–, que non é verdadeiro coñecemento –pois sobre o cambiante non se pode establecer un coñecemento firme e seguro–, e para afirmar que, pola contra, a verdade só se encontra no que non cambia –o Ser– e que só é accesible polo uso da Razón –que capta o permanente– e nunca dos sentidos –que só dan conta do aparente, do

cambiante que, en realidade, non existe.

**O problema do coñecemento** –novo problema filosófico– e central neste pensador ate o punto de negar a evidencia do movemento e o cambio co fin de preservar un coñecemento certo e seguro que, segundo el, non podería producirse de existir dito movemento.

## B) **PLURALISTAS:**

Ate o de agora, todos os filósofos que levamos estudado, salvo os pitagóricos, crían que o *arkhé* era un só elemento e, por eso, poden ser denominados monistas.

O monismo foi levado ao extremo na teoría de Parménides ate chegar a negar o movemento contradicindo así á experiencia. Pero, doutra banda, a postura de Parménides presenta a vantaxe de xustificar o coñecemento.

O que intentarán os filósofos que imos estudar agora será compaxinar as vantaxes lóxicas da teoría eleata e a súa defensa do coñecemento coa evidencia, posta de manifesto por Heráclito, da existencia do movemento, superando a enorme contradición en que estaba sumida a filosofía. Para facelo, aceptarán a definición do Ser de Parménides excepto no que se refire á unicidade. Existen varios elementos constituíntes da realidade que cumpren, cada un deles, as condicións impostas polo eleata. Reciben, por elo, o nome de Pluralistas. A pesares de que os pitagóricos tamén son pluralistas –exactamente, dualistas– non os incluímos aquí por que o propósito do seu dualismo non é o de conciliar a posibilidade do movemento e do coñecemento, conciliar a Heráclito e Parménides.

Os principais filósofos pluralistas son os seguintes:

**Empédocles** de Agrigento (itálico) (495-435 a. C.):

Parte de Parménides e, como el, concibe o Ser –a realidade– como unha esfera. Pero como Empédocles negase a non ver o evidente, admite a existencia do movemento. Para poder conciliar o movemento co Ser parmenideo vese obrigado a introducir no seu interior a multiplicidade, así que dentro da esfera encóntranse mesturados os catro elementos –**auga, aire, fogo e terra**– que constitúen o *arkhé* da Natureza. Ao introduciren a multiplicidade dentro do Ser, introdúcese o movemento pois a unicidade do Ser era condición ‘sine qua non’ da súa inmovilidade.

A mestura dos catro elementos prodúcese pola acción **de dúas forzas cósmicas que son o Amor e o Odio**. O Amor atráenos e mestúraos, mentres que o Odio sepáraos. Mediante a acción destas dúas forzas, pódese explicar perfectamente unha teoría cíclica do mundo –Eterno Retorno– como o continuo e a lternante xuntarse e sepa rarse dos elementos. Os catro elementos tamén serven pa ra ter unha visión do home e fundamentan unha teoría da saúde como equilibrio. **(eterno retorno)**

**Anaxágoras** de Clazomene(500-428 a. C., xonio de nacemento é o primeiro filósofo que se instala en Atenas):

Parte de Parménides, como Empédocles e, polo mesmo motivo que el –posibilitar o movemento–, declárase pluralista.

A realidade é o resultado da mestura de innumerables elementos, sementes das cousas que, máistarde, Aristóteles chamará **homeomerías**, que constitúen o *arkhé*.

As **homeomerías** son cualitativamente diferentes, de xeito que hai **homeomerías** de carne, de pedra, de auga, de ferro, de madeira, etc. En todas as cousas hai **homeomerías** de todo pero en cada cousa predominan as **homeomerías** que lle son propias –no ferro hai todo tipo de **homeomerías** pero con enormepredominio das de ferro. O feito de que todos os seres teñan todo tipo de **homeomerías** serve pa ra explicar o cambio –como unha cousa pode chegar a ser outra– e fenómenos como o da nutrición –se certos animais comen plantas e engordan é porque nas plantas hai **homeomerías** de carne.

Todos os cambios que se producen na Natureza, incluíndo o nacemento e a morte, ocorren pola mestura ou separación das **homeomerías**. O mundo xorde dun movemento de remuíño no que se realizan as mesturas e separacións. Para explicar como se orixina este movemento de remuíño recorre a un ‘principio’ que chama **Nous** –literalmente: Espírito, Intelixencia– que é distinto ás **homeomerías** – transcendencia?– coñéceo todo e todo o pode. Parece que Anaxágoras se aproxima á figura de Deus co seu **Nous**, pero a realidade é que este ‘Espírito’ límitase a por en marcha o movemento e, a continuación, todo o Universo funciona mecanicamente sen a súa intervención. É, incluso, bastante probable que Anaxágoras pese a utilizar a palabra ‘espírito’ non se referise a algo totalmente inmaterial; este sería o significado actual da palabra, pero non necesariamente o que lle daban os gregos.

## O Atomismo:

**Demócrito de Abdera** (460-370 a. C., Tracia, nordés da actual península grega).

Parece que o seu mestre foi Leucipo, filósofo que probablemente era de Mileto e de quen non se coñece practicamente nada, polo que é moi difícil precisar que contidos do Atomismo son obra súa. En calquera caso, a figura central de esta escola é Demócrito.

O Atomismo democritiano parte tamén da postura de Parménides e, como os pluralistas anteriores, postula a pluralidade do ser para salvar o movemento. A diferenza dos seus predecesores, en cambio, admite o **baleiro** –que se fai necesario para permitir o movemento do ser plural no seu interior – e nega todo tipo de forzas distintas á materia que constitúe o mundo –Amor-Odio, *Nous*– e dicir, son materialistas estritos.

O mundo está constituído por infinitas partículas materiais e indivisibles chamadas átomos que, individualmente, posúen as calidades do ser parmenideo. Son cualitativamente iguais pero cuantitativamente diferentes pois teñen distintas figuras, orden e posicións,...–o peso dos átomos parece que non foi admitido por Demócrito e será introducido máis adiante por Epicuro.

Os átomos posúen movemento eterno de seu e este prodúcese en todas as direccións no baleiro, polo que chocan entre si formando infinitos mundos. A esta teoría obxectoulle Aristóteles que non daba razón da orixe do movemento, pois afirmar que o movemento é eterno non escusa de explicar o seu porqué –non todo o eterno carece de fundamento. Fronte a esta obxección seguidores do atomismo moi posteriores argumentaban –suponse que foi Epicuro aínda que só aparece expresamente no filósofo latino Lucrecio– a existencia dun '*clinamen*', ou desviación na caída vertical dos átomos no baleiro – renunciándose ao movemento multidireccional–, que permitía explicar o primeiro contacto que daría lugar a un movemento en cadea –de todos os xeitos cabería preguntarse pola orixe dese '*clinamen*'.

En calquera caso, os choques son enteiramente azarosos ou fortuítos polo que o Universo non é froito dun plan previamente establecido por algunha 'Intelixencia Ordenadora'. Para explicar o Mundo só precisan da **materia , o baleiro e o movemento**. Este tipo de postura coñécese co nome de **Mecanicismo** e aparecerá continuamente na historia do pensamento.

O materialismo e mecanicismo dos atomistas son tan firmes e consecuentes que mesmo a percepción ou calquera forma de coñecemento –mesmo o propio pensamento– son explicados mediante o contacto entre átomos.

## INFLUENCIAS POSTERORES

**A solución platónica ao dilema entre Heráclito e Parménides, foi a de situar o movemento no Mundo Sensible e o 'auténtico ser' no Mundo das Ideas (admitindo a existencia de múltiples ideas, de multitude de 'auténticos seres', coa mesma intención en que os pluralistas falaban de máis dun ser en lugar do ser único de Parménides). Dita solución constitúe a súa Teoría das Ideas.**

O *Nous* de Anaxágoras ten relación coa figura do Demiurgo nos últimos escritos de Platón así coma tamén a importancia das matemáticas é unha clara influencia dos pitagóricos no pensador ateniense e que posteriormente tamén se reflexará na filosofía de Descartes.

O concepto de “necesidade” foi un gran logro físico non continuado posteriormente, será recuperado por Gassendi no século XVII.

A idea de “eterno retorno” será un elemento clave para entende o pensamento de Nietzsche.

## TEMA 2: REALIDADE E COÑECEMENTO EN PLATÓN:

### 2.1- PLATÓN; A TEORÍA DAS IDEAS E O DUALISMO ONTOLÓXICO

## Vida e obra de Platón

Platón (Atenas, 427 a. C.-347 a. C) pertencía a unha familia aristocrática e estaba destinado á política, sen embargo queda profundamente decepcionado dela sobre todo trala morte de Sócrates, o seu mestre, polo que sentía un gran afecto e tamén polo desastre da Guerra do Peloponeso contra Esparta, seguido polas inxustizas do réxime oligárquico dos Trinta Tiranos promovido en Atenas polos vencedores espartanos. Pese a todo, as súas máis fondas preocupacións son a política e a ética, de feito, en tres ocasións trata de por en práctica as súas ideas políticas en Sira cusa (Sicilia), pero sempre terminou en fracaso.

Tras a morte de Sócrates marchou de Atenas e via xou durante algún tempo por diversos lugares de Greza –sendo hóspede de Euclides en Megara– e por Exipto. Despois regresa a Atenas pero segue via xando por distintas cidades gregas e en Sicilia coñece aos círculos pitagóricos e é chamado a Sira cusa polo tirano Dionisio I que, asustado polo extremado da política platónica o vende como escravo, situación da que é rescatado polo seu discípulo Anniceris de Cirene.

De volta en Atenas fundou unha escola coñecida co nome de Academia onde ensinou ata a súa morte. Esta escola perdurou ata o ano 529 d. C. data na que foi pechada polo emperador Xustiniano. Inda volveu a Siracusa dúas veces tras a morte de Dionisio I pero tampouco tivo éxito o tratar de impoñer as súas ideas políticas. Volve a Atenas e ensina filosofía ata a súa morte no 347 a. C.

É probable que na Academia utilizase textos técnicos para uso interno dos estudantes pero, se así foi, non os conservamos. Coñecemos os que poderían ser chamados escritos de ‘divulgación’ da filosofía platónica, feitos para o consumo externo, para o ‘gran público’. Estes escritos conservados de Platón constitúen, á marxe do seu valor filosófico, unha das cumes da literatura grega e mesmo universal. Están escritos, maioritariamente, en forma de diálogos entre distintas personaxes. O seu título corresponde case sempre ao nome dalgún dos interlocutores de Sócrates que, menos nas obras de vellez, é sempre a personaxe central. Cada un dos diálogos centrase nun tema concreto pero, en realidade, en case todos aparecen tratados a meirande parte dos problemas platónicos.

Para explicar as súas teorías utiliza exemplos, símiles e mitos, de carácter metafórico que axudan a entender as súas doutrinas e constitúen un dos selos característicos da filosofía de Platón.

A obra platónica soe ser dividida en catro períodos aínda que a cronoloxía das súas obras e cuestión moi debatida ata hoxe:

- **Período de xuventude ou socrático** (393-389): O interese fundamental é a ética, como para Sócrates. A figura do seu mestre apa rece enalzada e idealizada. –*Apoloxía de Sócrates*: defensa de Sócrates trala condena. *Critón*: sobre a obediencia ás leis. *Laques*: sobre a valentía. *Lisis*: sobre a amizade. *Protágoras*: sobre a ensinanza da virtude. *Cármides*: sobre a temperanza.
- **Período de transición** (388-385): Neste período ten lugar a primeira viaxe a Sicilia, onde entra en contacto cos pitagóricos e co tirano de Siracusa, e a fundación da Academia. Xa se observa nos escritos desta época unha certa superación das posturas socráticas. Apa rece o primeiro acercamento á Teoría das Ideas. –*Gorgias*: sobre o político. *Menón*: sobre a ensinanza da virtude. *Crátilo*: sobre a linguaxe.
- **Período de madurez** (385-370): É o período no que Platón escribe as obras máis importantes e desenvolve plenamente as súas principais teorías, en especial a Teoría das Ideas. –*O Banquete*: sobre o amor e a beleza. *Fedón*: sobre a inmortalidade da alma. *A República*: sobre a política. A organización do Estado. *Fedro*: sobre a natureza da alma.
- **Período de vellez ou crítico** (369-347): Realiza dúas viaxes máis a Siracusa que nuevamente rematan en fracasos. O xeito de escribir nesta etapa e moito máis seco e menos preocupado pola beleza formal. Sócrates xa non é o protagonista principal. **Somete a crítica e revisión moitas das súas principais doutrinas.** Existe un abandono das cuestións metafísicas en favor das cosmolóxicas e históricas. –*Teeteto*: sobre o verdadeiro coñecemento. *Parménides*: crítica da Teoría das Ideas. *Sofista*: sobre a Teoría das Ideas. *O Político*: sobre a teoría do gobernante filósofo. *Timeo*: sobre o Mundo e a súa orixe. *As Leis*: crítica á súa teoría política anterior. *Carta VII*: autobiográfica.





## **A Ontoloxía: Teoría platónica das Ideas**

### **O mito da caverna**

Esta exemplificación da Teoría das Ideas e máis do proceso do coñecemento é unha das narracións metafóricas máis importantes e coñecidas de Platón. Atópase no que, quizais, sexa o seu diálogo máis importante, a *República*. Resumidamente podería exporse así:

*Imaxinemos unha caverna moi fonda na que estiveran encerrados dende o seu nacemento unha serie de homes. Estes homes están encadeados de tal xeito que só poden mirar para a parede do fondo da cova sen poderen ver – pois teñen a cabeza tamén inmovilizada– máis que aquilo que aparece reflectido en dita parede.*

*Imaxinemos tamén que detrás dos encadeados houbera unha grande fogueira que dirixiría a súa luz contra o fondo da cova e que entre a fogueira e os prisioneiros houbera un muro tras do que uns homes pasaran portando diversos obxectos, como siluetas de figuras humanas ou de animais..., que sobresaíran por riba do muro proxectando así as súas sombras contra a parede do fondo –como as sombras chinesas ou, mesmo, o cine– Non crerían estes homes que a única e verdadeira realidade son as sombras que ven na parede da cova?. Non chamarían tolo e mentireiro a aquel que lles dixese que o que eles toman pola verdadeira realidade non é máis que unha sombra da auténtica?.*

*Máis imaxinemos agora que fosen liberados. En principio se resistirían a saír da cova porque a luz do día cegaríalos e impediríalles ver os verdadeiros obxectos. Se, pouco a pouco, se fosen acostumando á luz recoñecerían as siluetas como aquilo que provocaba as sombras que eles vían e, finalmente, daríanse conta de que mesmo as siluetas non son máis que copias das verdadeiras realidades que hai no exterior da cova.*

Non nos ocorre a nos o mesmo que aos prisioneiros dos que estamos a falar? Non será que, acostumados como estamos a tomar pola auténtica realidade o Mundo Sensible que nos rodea, negámonos a admitir que a realidade e algo que non pode ser captado polos sentidos?.

Saír da cova non resulta un traballo doado para estes homes pois, como xa dixemos, acostumarse á luz significa un grande esforzo. Mesmo saír fisicamente da gruta é algo moi difícil pois haberá que superar obstáculos e pendentes escarpadas. Pero se se consegue saír acabárase coñecendo a verdadeira

realidade e recoñecendo que **o Sol que ilumina o mundo de fora é a causa de que podamos ver toda as outras cousas e a súa orixe.**

Da mesma forma, para nos, non resulta doado saír do estado de ignorancia no que nos atopamos e acostumarnos a admitir que o Mundo Intelixible e a verdadeira realidade. Isto que non é outra cousa que iniciar o camiño do –verdadeiro– coñecemento, supón un grande esforzo, como para os prisioneiros saír da cova e subir as pendentes, pero unha vez que se consegue lévanos a acadar a verdade ascendendo pouco a pouco pola s ideas ata a Idea suprema de Ben que, como o Sol no exterior da cova, é a causa, de todo o existente e ilumina o coñecemento de todas as cousas do Mundo Ideal.

O ascenso no camiño do coñecemento –ascenso dialéctico como veremos máis adiante– será máis fácil se contamos coa axuda dunha **educación –pa idea** – adecuada, e dun mestre que nos force a saír do noso estado de ignorancia, dunha formación que nos permita ir, progresivamente superando os obstáculos que aparezan no noso camiño da mesma forma que resulta máis fácil subir unha pendente abrupta pa ra quen recibiu, previamente, **clases de esca lada**. Esta forma de entender a educación vese reflectida no mito na insistencia con que se advirte da necesidade de irse acostumando, pouco a pouco, aos distintos niveis de luz e ás distintas realidades que nos son reveladas en cada un. Só cumprindo cada un dos pasos ao seu tempo –sería absurdo tratar de saber dividir sen ter aprendido primeiro a sumar e restar– poderemos chegar o coñecemento total.

O mito da caverna expresa claramente a distinción platónica entre os dous mundos clareando porqué é no Mundo Intelixible onde reside a verdadeira realidade e porqué, polo tanto, só é verdadeiro coñecemento, aínda que difícil de acadar, o de dito Mundo.

### **Dualismo Ontolóxico: a diferenza entre mundo sensible e mundo intelixible**

A Teoría das Ideas constitúe a Ontoloxía platónica e expónse fundamentalmente nos diálogos do período de madurez, aínda que logo, no período crítico, Platón desenvolva unha revisión dela, especialmente nos diálogos *Parménides* e *O Sofista*.

O presuposto básico da Teoría das Ideas é que a solución ao dilema establecido entre Heráclito e Parménides pasa pola diferenciación entre dous mundos, o Mundo sensible e o Mundo das Ideas.

Heráclito encargárase de facernos ver que a 'realidade' que captamos polos sentidos é cambiante. Non existía, segundo este pensador, ningunha realidade que permanecera nun ser constante e identificable. En consecuencia o concepto de 'Ser', e con el a posibilidade de verdadeiro coñecemento, desvanecía-se.

Parménides, pola súa banda, intentou por de manifesto a absoluta necesidade da existencia dun coñecemento verdadeiro que nos garante a certeza, sen a cal non poderíamos desenvolvernos na realidade. Agora ben, ao seu xuízo dita certeza só é posible se admitimos a existencia do 'Ser' posto que só podemos estar certos de aquilo que permanece e non cambia. Levando a súa doutrina ata as súas derradeiras consecuencias lóxicas, este filósofo, afirmou que só existía o Ser –único–, o que non cambia, mentres que o movemento era pura ilusión e non existía verdadeiramente.

Si Heráclito destacou a existencia do movemento –cosa innegable se atendemos á información dos nosos sentidos– foi a costa de renunciar á posibilidade do coñecemento certo e seguro. Se Parménides salvou o coñecemento –do que parece que non podemos negar a súa necesidade– foi renunciando a admitir a existencia do movemento.

Como xa vimos os 'Pluralistas' posteriores a estes dous pensadores trataron de superar o dilema, e admitir a definición do ser de Parménides sen renunciar á existencia do movemento, afirmando unha pluralidade de 'Seres' que permitiría a introdución do cambio no Ser inmutable e único do pensador de Elea.

A solución platónica, sendo tamén pluralista posto que postula a existencia de dous 'Mundos' –cada un deles, tamén plural–, é, sen embargo, doutro estilo. Basicamente o que fai Platón é situar a inmutabilidade e permanencia do Ser de Parménides no Mundo das Ideas, mentres que o cambio e o movemento heracliteanos terán lugar no chamado Mundo Sensible.

O Mundo das Ideas, Mundo Intelixible ou Mundo Ideal constituirá a verdadeira realidade quenada terá que ver coa suposta 'realidade' captada polos sentidos. As entidades que compoñen este Mundo son as Ideas, o permanente, o verdadeiro Ser, a esencia das cousas, que non poden, obviamente, ser captadas polos sentidos que só nos ofrecen o cambiante, o movemento. A forma de coñecer as Ideas é a través da razón, da intelixencia ou intelecto –Mundo Intelixible–, pois só ela, como comúnmente pensaban os gregos, é quen de atrapar a verdade permanente, a esencia, o Ser. Posto que as Ideas son as esencia s das cousas, as que fan que as cousas sexan precisamente o que son, coñecer a s significa coñecer a Verdade, obter un coñecemento certo, facer 'Ciencia' –Episteme– e por iso as cousas concretas dependen delas e non o revés.

As Ideas son as verdadeira s realidades –non son simplemente conceptos ou 'realidades' mentais, senón que existen verdadeiramente– e posúen as características do Ser parmenideo: son absolutas, eternas, universais, inmutables, independentes de todo o que non sexan elas mesmas...

Todas as cousas que existen no mundo dos fenómenos ou Mundo Sensible –o mundo que ordinariamente é chamado 'a realidade', sen selo, e que é captado polos sentidos– seméllanse e derivan das Ideas. A relación que se establece entre Ideas e cousas do Mundo Sensible é explicada por Platón cos conceptos de '**participación**', **imitación** e **copia**'. 'Participar' significa que unha cousa é precisamente esa e non outra porque o seu ser depende, é tomado, do ser da idea da cal participa. Por exemplo: se de algo dicimos que é bo, belo, etc. é porque ese algo 'participa', copia, se asemella á Idea de Bondade, Beleza ou calquera outra, que é o mesmo que dicir que as Ideas están presentes nas cousas.

Se unha obra de arte ou unha paisaxe son fermosas é porque copian e dependen do Ideal de Beleza que, coas outras Ideas, reside no Mundo Ideal. Ocorre algo semellante á relación entre o retrato dunha persoa e esa mesma persoa: Se observásemos un retrato de Napoleón e nos preguntásemos quen é contestaríamos sen dúbida lo un instante: 'Napoleón'. Pero é verdadeiramente Napoleón?. É evidente que non. Do retrato dicimos que 'é' Napoleón, non porque creamos que é o verdadeiro Ser do emperador de Francia, senón porque se asemella, 'participa' de dito Ser que, Sen embargo, só se atopa realmente, verdadeiramente, no propio emperador en carne e oso. Do mesmo xeito, calquera cousa do Mundo Sensible, un cabalo, por exemplo, non é a verdadeira realidade, non ten verdadeiro 'Ser', senón que 'participa' e copia o verdadeiro ser da Idea da que é exemplo sensible concreto, a de caba lo neste caso.

Do mesmo xeito que nós retratos só hai un modelo orixinal –só existe un Napoleón– pero pode haber multitude de retratos, só hai unha Idea –para cada realidade; como cabalo, home, beleza...– pero pode haber moitos casos sensibles concretos –moitos cabalos, homes, cousas fermosas...–: as Ideas son arquetipos, modelos

exemplares que as cousas imitan.

Ningunha cousa do mundo físico ou sensible existiría senón existiran as Ideas das que ‘participa’, depende e se deriva. Pola contra, as Ideas non precisan da existencia das cousas do mundo físico para existir: podería existir a Idea de Home, a de Bondade ou a de Beleza sen que existiran os homes, accións boas ou obxectos fermosos.

O tipo de Ideas das que Platón admite a súa existencia van dende as entidades abstractas de tipo matemático – Igualdade, Unidade...– e valorativo –Ben, Beleza, Xustiza ...– ás Ideas das cousas sensibles concretas –Idea de Home, de Cabalo, de Rosa...– se ben a existencia destas últimas tardou máis en xustificala..

A diversidade de Ideas existente no Mundo Intelixible está xerarquizada de xeito que unhas Ideas dependen doutras por orden de importancia encontrándose na cúpula a **Idea de Ben** –as veces Platón fala tamén da Idea de Beleza ou da Verdade– que ‘ilumina’ e pon de manifesto, coma o sol no Mundo Sensible, todo o Mundo das Ideas. Malia que o Mundo das Ideas foi concebido, en principio, como un mundo estático, falto de movemento –pois só así as Ideas asumirían a principal característica do ‘Ser’ de Parménides–, no derradeiro período da obra platónica a xerarquización entre as distintas Ideas suxire comunicación entre elas e, por tanto, movemento co que, de feito, admítese unha especie de non-Ser que explicaría –renunciando definitivamente a Parménides– porque existe o cambio e o devir no Mundo.

O Mundo Sensible, o mundo en que nos mesmos nos desenvolvemos, ten unhas características de todo opostas ás do Mundo das Ideas.

O Mundo Sensible non posúe realidade de seu senón que se asemella ou copia a verdadeira realidade do Mundo das Ideas do cal ‘participa’. Posto que non é a verdadeira realidade, o coñecemento das cousas do Mundo Sensible non nos proporcionará nunca verdadeiro coñecemento senón, como moito, o que Platón denomina **Opinión –Doxa**

As cousas do Mundo Sensible non teñen, pois, verdadeiro ser senón que son só pura ‘aparencia de ser’. Neste mundo todo esta en continuo cambio, non existe o permanente, entre outras cousas porque este é o mundo da ‘materia’ ue, por definición, é corruptible, composta e divisible fronte á permanencia, simplicidade e indivisibilidade das Ideas que por elo son as esencias, o que permanece invariable no cambio.

### **Crítica aristotélica á teoría das Ideas**

A separación da realidade nestes dous ‘Mundos’ que acabamos de describir representa, e xa o propio Platón o percibe, o establecemento dun abismo –en grego *korismós*– entre dúas realidades completamente distintas, mesmo opostas nas súas características, ontoloxicamente dispares –por eso falamos de **dualismo ontolóxico**, de dúas realidades ou ‘formas de ser’ –o verbo ‘*to on*’ = ser– distintas entre si.

O problema reside en como explicar satisfactoriamente como pode un destes Mundos –o Intelixible– ser o fundamento e orixe do outro –o Sensible– se non teñen nada que ver un co outro.

Este problema foi tamén apreciado por Aristóteles, discípulo de Platón, quen resalta a inutilidade de duplicar a realidade para explicala:

Se para explicar a existencia dun home concreto recorreremos á existencia da Idea de Home, que nos impide recorrer a un terceiro elemento ao cal ambos, home concreto e Idea de Home, podan ser referidos? –este argumento é coñecido co nome de ‘argumento do terceiro home’.

Dito doutra forma: se para fundamentar a existencia do mundo ‘inventamos’ outro que me autoriza a pensar que ambos mundos non necesitan, á súa vez, unha xustificación e esta outra, e esta outra... e así indefinidamente?.

A solución platónica ao dilema entre Heráclito e Parménides, foi a de situar o movemento no Mundo Sensible e o ‘auténtico ser’ no Mundo das Ideas (admitindo a existencia de múltiples ideas, de multitude de ‘auténticos seres’, coa mesma intención en que os pluralistas falaban de máis dun ser en lugar do ser único de Parménides) Aristóteles vai facer unha profunda crítica da Teoría das Ideas da que vai xurdir a súa propia filosofía.

Para explicar este mundo (o chamado ‘Sensible’) Platón ‘inventase’ outro co que, en realidade, xera outro problema pois, non sería necesario ‘inventar’ un terceiro mundo ao que os dous se remitan para explicar a súa relación?. Isto explica Aristóteles co chamado ‘argumento do terceiro home’ no que pon de manifesto que si un home se asemella á Idea de home, será porque ambos remiten a unha terceira Idea á que se parecen e, á súa vez, estas tres semellanzas a outra Idea e así sucesivamente nunha regresión ao infinito da que imposible saír.

As Ideas, aínda que Platón afirmou que son ‘causa’ das cousas, non poden explicar, segundo Aristóteles, nin a formación nin os cambios do Mundo Sensible posto que están enteiramente sepa radas del. A figura e o papel do Demiúrgo confirmaría esta hipótese no sentido de que Platón vese obrigado a abotarse para poder explicar como aparece o Mundo Sensible e quen é o responsable de que imite ao Intelixible e superar o abismo que existe entre os dous mundos.

Como resultado da súa Teoría das Ideas e a separación dos dous Mundos, Platón distingue entre *episteme*, o

auténtico coñecemento racional (froito do recordo das Ideas), e *doxa*, simple opinión propia do coñecemento sensible. Para Aristóteles, sen embargo, o coñecemento é un proceso que nos leva dende os sentidos á razón sen solución de continuidade (captando a esencia nas cousas mesmas). O coñecemento consiste nun proceso abstractivo (fronte á concepción dialéctica e de 'intuición intelectual' das ideas que defendía Platón) que nos conduce dende os individuos concretos, coas súas diferencias e multiplicidade, aos conceptos universais abstractos que nos permiten xeneralizar e, polo tanto, coñecer de xeito universal.

Segundo Aristóteles, Sócrates tratou de definir a esencia das cousas pero isto non quere dicir que crea na existencia separada dos 'conceptos universais' que significaría crer na existencia separada das esencia s, como Platón (Idea = Esencia).

O Mundo Intelixible non explica ao Sensible pois se as esencia s (Ideas) están separadas das cousas é que, en realidade, non son as súas esencia s. O concepto platónico de 'participación' non serve para solucionar este problema porque explicitamente exclúe a posibilidade de que as esencia s (as Ideas) estean nas cousas. Aristóteles admitirá que as esencia s existen, son reais, pero non pode admitir que a súa existencia sexa independente das cousas concretas. A verdadeira solución ao problema de Heráclito e Parménides é explicar o movemento e o coñecemento dende o único mundo que existe.

As críticas aristotélicas que acabamos de ver non responden tanto a un rexeitamento total da teoría platónica canto a un desexo de sinalar que a existencia separada das esencia s non é posible.

Volveremos sobre a crítica de Aristóteles á Teoría das Ideas cando estudemos a este autor.

Sexa como for, Platón creu resolver o problema mediante a –metafórica– teoría xa mencionada da participación, imitación ou presenza das Ideas que, segundo el, permite albiscar que tipo de relación se da entre os dous mundos. Sen embargo, como sinala Aristóteles, a súa forma de referirse ao concepto de participación é moi vaga e pouco precisa para o importante papel que xoga na explicación de como están presentes as Ideas nas cousas sensibles, presenza que non pode ser 'física' pois as Ideas non poden compararse a unha especie de torta que se reparte en distintos trozos de xeito real entre as cousas –da mesma forma en que unha persoa fotografada non está realmente –nin enteira nin parte dela– en cada un dos seus retratos.

En relación a este problema no seu período de vellez, no diálogo *Timeo* fala duns elementos, as 'entidades matemáticas', que actuarían coma pontes entre os dous mundos posto que ditas entidades, pola súa natureza, teñen carácter ideal –son semellantes ás Ideas– e, polo tanto, non pertencen ao Mundo Sensible; máis o Mundo Sensible está constituído de xeito que se somete a criterios matemáticos, poderíamos dicir que a súa Estrutura é matemática –esta idea platónico-pitagórica reaparecerá con forza nos albores da Ciencia Moderna do século XVII– de forma que as cousas do mundo sensible responden e se someten ás entidades matemáticas explicándose así como é posible que o Mundo Sensible poda estar influído polo Intelixible.

### 3.2- PLATÓN; A TEORÍA PLATÓNICA DO COÑECEMENTO, A DIALÉCTICA COMO SABER E A REMINISCENCIA.

#### Teoría platónica do coñecemento

##### A) OS GRAOS DE COÑECEMENTO

O coñecemento –episteme– e a realidade –o Mundo das Ideas estudado na ontoloxía– manteñen na filosofía de Platón un paralelismo que, de novo, confirma a importancia da Teoría das Ideas en tódolos temas da filosofía platónica.

Tamén neste apartado do seu pensamento utiliza Platón unha explicación metafórica para aclarar aos seus lectores o significado do coñecemento e o seu paralelismo coa realidade. Dita explicación aparece no diálogo a *República* e é coñecido co nome de '**Símil da liña**':

*Imaxinemos unha liña dividida en dous segmentos desiguais, o máis pequeno correspondente ao visible –Mundo Sensible– e o máis grande ao intelixible –Mundo Intelixible ou das Ideas.*

*Dividamos, á súa vez, cada un destes segmentos en dúas partes tamén desiguais de forma que dentro do segmento do Mundo Sensible o subsegmento máis pequeno corresponda ao que chamaremos 'imaxes' das cousas, como as sombras ou as imaxes reflectidas nun espello ou na auga, e o máis grande ás 'cousas' mesmas do Mundo Sensible.*

*Pola súa banda o segmento do Mundo Intelixible será dividido de xeito que o subsegmento máis pequeno corresponda o que chamaremos 'entidades matemáticas' e que abranguerá ás verdades matemáticas que sempre son de carácter intelectual, nunca sensible, e o máis grande ás Ideas, derradeiro e máis alto grao da realidade.*

Como é fácil ver, os distintos segmentos e os seus subsegmentos responden a unha clasificación da realidade de menor a maior contido ontolóxico –en definitiva, de menor a maior realidade. É obvio que as imaxes das cousas –o que no mito da caverna serían as sombras da parede– teñen menor realidade que as cousas mesmas que as causan –no mito da caverna, as figuras que se fan pasar por tras do muro– que son os obxectos sensibles do mundo que nos rodea. Pero tanto imaxes como cousas pertencen ao Mundo sensible que ten unha realidade 'prestada' pola verdadeira realidade presente no Mundo Intelixible que, á súa vez, ten dous graos: o da matemática, accesible só mediante a razón –intelixible– e non polos sentidos pero que, como vimos na Cosmoloxía, servirá para formar o Mundo Sensible, e o das Ideas propiamente ditos grao máximo da realidade e, polo tanto, fundamento de todo o existente.

Pois ben, a estes diferentes tipos de realidade –aínda que o nome de 'realidade' en sentido estrito só se lle poda aplicar aos elementos do Mundo Intelixible– corresponderán diferentes tipos de coñecemento –aínda que a palabra 'coñecemento' só se poda aplicar estritamente en relación coas cousas do Mundo Intelixible– que tamén irán de menor a maior en función do tipo de realidade ao que se refiran, de xeito que 'a menos realidade, menos coñecemento e a máis realidade, máis coñecemento'.

En xeral ao Mundo Sensible corresponderalle un tipo de coñecemento chamado 'Opinión' –*Doxa*– que, como o seu nome indica, non proporciona auténtico coñecemento senón só unha aproximación non fiable á realidade. Isto é así porque os obxectos do Mundo Sensible só poden ser captados cos sentidos que de ningún xeito poden ser considerados fonte fiable de información.

Pero, á súa vez, a Opinión concretase en dúas formas específicas de 'coñecemento' segundo esteamos a falar das imaxes ou das cousas.

O grao máis baixo de coñecemento é o que corresponde o subsegmento das imaxes e recibe o nome de 'Imaxinación' ou mesmo 'Ilusión' –*Eikasía*– porque se aplica a entidades que son 'copias de copias', sombras das cousas do Mundo Sensible. Por exemplo, se alguén me coñece pola miña imaxe reflectida nun espello, non terá unha mera 'ilusión', un acercamento moi inexacto á miña verdadeira persoa?.

Un grao superior, pero aínda non auténtico coñecemento, é o que corresponde o subsegmento das cousas sensibles. ao 'coñecemento' propio destas chamámoslle 'Crenza' –*Pístis*– porque proporcionanos un acercamento pouco fiable –aínda que máis que a ilusión– á realidade, un tipo de coñecemento que non podemos chamar certeza –ter a absoluta seguridade sobre algo– porque a pouca fiabilidade dos sentidos non nolo permite.

A diferenza entre crenza e certeza quedará clara se afondamos no sentido destas dúas frases:

- Creo que a auga componse de hidróxeno e osíxeno
- Estou certo de que a auga componse de hidróxeno e osíxeno

É obvio que non teñen o mesmo significado. A primeira inclúe un matiz de dúbida, de apertura a outras posibilidades, que está totalmente ausente da segunda.

Porque a crenza, e non a certeza, é o 'coñecemento' propio das cousas do Mundo Sensible é polo que,

cando falamos da formación do Mundo Sensible polo Demiúrgo, dixemos que o propio Platón consideraba esta explicación como simplemente ‘probable’ pero non segura, pois non se pode ter seguridade no ámbito da sensibilidade. Por iso a Física, ciencia propia do subsegmento das cousas sensibles, non é, en realidade, unha verdadeira ciencia, pois non pode acadar a certeza.

A certeza só será posible no ámbito do Mundo Intelixible, pois o coñecemento que del se obteña, non estará fundamentado nos sentidos, senón na razón –aínda que de distinto xeito para cada subsegmento.

**Dentro do segmento que abrangue ao Mundo Intelixible o coñecemento –auténtico– que o caracteriza recibe o nome de Ciencia –*Episteme*– porque, agora si, podemos falar de absoluta certeza.**

**Ó primeiro subsegmento, o das Entidades Matemáticas, correspóndelle o que Platón denomina Pensamento ou razón discursiva –*Diánoia*– representado pola ciencia Matemática.** A razón discursiva caracterízase por partir de determinadas hipóteses ou supostos –*hypothéseis*– indemostrables das que se deducen – paso a paso, discursivamente– unha serie de conclusións verdadeiras

–se non nos confundimos na nosa dedución. En dita dedución apoiámonos non nas Ideas, senón en ‘representacións materiais’ das mesmas. Por exemplo, se un matemático trata de chegar á formulación do teorema de Pitágoras ( $h^2=a^2+b^2$ ) apoiase na representación de triángulos, etc. Ditas representacións non teñen porque ser reais –un debuxo dun triángulo, por exemplo– basta con que sexan representacións mentais da Idea de triángulo.

**O segundo subsegmento, o das Ideas, é dominado pola Intuición Intelectual ou Intelixencia –*Nóesis*– que consiste na captación inmediata das Ideas por parte da Razón.** Como ciencia correspóndelle a Dialéctica que é o método propio da Filosofía. Aquí tamén partimos de hipóteses, pero no verdadeiro senso da palabra, é dicir, como verdadeiros supostos e non como verdades indemostrables das que parte o matemático como vimos con respecto á razón discursiva. Tómanse as Ideas como supostos provisionais e vaíse ascendendo dialecticamente, pulíndoas, eliminando todo rastro sensible, ata chegar a un principio non hipotético sen recorrer máis que ás Ideas en si mesmas, e non, como na razón discursiva, a representacións das mesmas.

O que levamos dito pódese resumir no seguinte esquema:

PARALELISMO ONTOLÓXICO-EPITEMOLÓXICO			
ONTOLOXÍA		EPITEMOLOXÍA	
	Ideas	Intuición Intelectual ou <b>Noesis</b>	
MUNDO DAS IDEAS ( Permanente e estable)	Entidades Matemáticas	Pensamento razoado, razón discursiva <b>Dianoia</b>	CIENCIA ( <b>Episteme</b> )
		Ciencias: Matemáticas	
MUNDO SENSIBLE (Cambio, Aparencia)	Obxectos Materiais	Crenza, fe <b>Pístis</b> Física: non é ciencia en sentido estrito	OPINIÓN <b>Doxa</b>
	Imaxes	Imaxinación, suposición <b>Eikasía</b> Non ten ciencia propia	

## B) O COÑECEMENTO COMO RECORDO: REMINISCENCIA

Por riba de todo para Platón **coñecer é recordar**. As Ideas non poden ser coñecidas pola percepción sensible, senón só pola contemplación directa do Mundo das Ideas. Como é posible dita

contemplación se, de feito, nos vivimos no Mundo Sensible?. A resposta platónica consiste en afirmar que a nosa



alma, que como se verá máis adiante constitúe o noso verdadeiro ser, preexiste antes de se uniren ao noso corpo neste mundo, de xeito que viviu con anterioridade no Mundo das Ideas coñecéndoas. Cando a alma se une ao corpo esquece as Ideas, pero cando no Mundo Sensible observamos as cousas –p.ex. cousas fermosas– que o compoñen recordamos a nosa existencia previa á unión co corpo na que coñecemos as verdadeiras realidades que as causan –p. ex. a Idea de Beleza. O coñecemento sensible, malia súa falta de entidade, ten o valor de servir de ocasión para o recordo do verdadeiro coñecemento. O coñecemento no é máis que recordo, reminiscencia –*anámnesis*.

### C) A DIALÉCTICA COMO SABER

**Como xa dixemos cando explicamos o ‘Símil da liña’ a Dialéctica e o método propio da Filosofía é o grao máis alto de coñecemento posible.**

**A Dialéctica consiste nun proceso ascendente** ata a Idea e, despois, de Idea en Idea ate a máxima Idea, a Idea suprema, o Ben. Dito ascenso vese exemplificado no mito da caverna polo ascenso ate o exterior da cova –que sempre é dificultoso– e polo coñecemento do que aí fora hai, ate chegar o coñecemento do Sol que todo o ilumina –o Sol simbolizaría á Idea de Ben.

A orixe filosófica da dialéctica podería encontrarse nun intento de mellorar o método da maieútica socrática, de feito, utiliza o método socrático de partir dunha primeira hipótese –intuición aínda non perfilada dunha Idea– que vai sendo mellorada grazas ao diálogo –ata chegar o total esclarecemento da intuición da Idea da que se partía.

Evidentemente, a dialéctica está relacionada coa *anámnesis* posto que o ascenso dialéctico non é outra cousa que irse liberando das ataduras do Mundo Sensible ata recordar perfectamente, na súa pureza, as Ideas coas que estivemos en contacto antes de que a nosa alma se unira ao corpo. Precisamente por isto último a dialéctica pode ser entendida como un proceso de purificación no que, progresivamente nos afastamos do sensible –debemos recordar que este termo ten un sentido pexorativo– ate chegar ao puramente intelixible.

Cabería mencionar tamén a existencia dunha **dialéctica inversa, a Diáresis** que consistiría en reconstruír toda a serie das Ideas, dende a do Ben cara a abaixo, sen necesidade xa de recorrer á experiencia como motivo do recordo –posto que este xa o teríamos plenamente acadado. Esta dialéctica inversa permitiría ver a interna relación dunhas Ideas coas outras e maila súa distinta xerarquía.

Por último, como elemento constitutivo do proceso de coñecemento, temos que mencionar o **Amor**. É un proceso, así mesmo, ascendente que é exposto fundamentalmente no ‘*Banquete*’. O afán de coñecemento vese axudado polo pulo erótico, por algo que nos impulsa, como a beleza do ser amado nos impulsa a el, cara ás Ideas, que funcionarían como unha especie de imán que nos atrae.

Os distintos modos de acadar o coñecemento que acabamos de mencionar, non se dan separadamente, senón que constitúen diversos aspectos dun todo que nos permite chegar á verdadeira ciencia.

Máis para poder comezar o camiño do saber con garantías de éxito é necesario prepararse. Do mesmo xeito que o corredor dos 100 m. precisa traballar o seu corpo con exercicios que, aparentemente, nada teñen que ver con correr pero que, en realidade, son absolutamente necesarios, o filósofo debe prepararse a súa mente para a tarefa que lle agarda. Isto conséguese especialmente co estudo das matemáticas que nos afastan do Mundo Sensible e nos acercan ao Intelixible. Así se entende a importancia que Platón lle da á educación –como se pon de manifesto no Mito da caverna– como único medio de superar todas as dificultades que no camiño do coñecemento nos atoparemos.

### **RELACIÓNS (DE SEMELLANZA OU DIFERENZA) CON OUTROS AUTORES, CORRENTES FILOSÓFICAS OU ÉPOCAS DA HISTORIA DA FILOSOFÍA**

Platón está claramente influído polo pensamento presocrático precedente e, naturalmente, polo propio Sócrates e, na medida en que se enfronta a eles, por oposición, como o fixo o seu mestre, tamén polos sofistas. En especial destaca a influencia dos pitagóricos e a súa concepción matemática do cosmos que tan claramente se reflicte nas Entidades Matemáticas platónicas e o seu papel na constitución do Mundo Sensible por parte do Demiurgo.

É salientable a influencia nel da polémica entre Heráclito e Parménides en tanto que Platón trata de conservar o devir de Heráclito como característica senlleira do Mundo Sensible mentres que, o mesm tempo, non renuncia a afirmación da inmutabilidade do ser tan propia de Parménides pero aplicada non a un ser único, se non ás múltiples Ideas que constitúen o Mundo Intelixible.

Isto último, precisamente, nos revela tamén a proximidade do pensamento platónico ao dos pluralistas como Empédocles, Anaxágoras ou Demócrito, que pretendían, como o propio Platón, salvar a realidade da multiplicidade e o cambio de Heráclito pola vía da afirmación da existencia de varios seres, sen renunciar á permanencia e inmutabilidade permanente para cada un destes seres múltiples (como ocorre coas Ideas platónicas)

Platón pode ser considerado o creador do idealismo, doutrina que sostén que a verdadeira realidade é a das Ideas, a das esencia s. Todas as correntes idealistas posteriores están fortemente influenciadas por Platón. O neoplatonismo do s. III e S. Agostiño no s. V son dúas claras mostras disto. O pensamento italiano do Renacemento, con Ficino e Pico della Mirandola entre outros, é tamén unha época fortemente influenciada polo idealismo platónico. Incluso a ciencia moderna do s. XVII está poderosamente influenciada por Platón en certos aspectos como a concepción matemática do mundo, o que queda claro especialmente en Galileo. Tamén na filosofía da época moderna e contemporánea a súa influencia é notable como ocorre, en xeral, en todo o pensamento racionalista do S. XVII e no idealismo alemán do século XIX (Hegel). Naturalmente todas as doutrinas posteriores que tenden a resaltar o concreto como a auténtica realidade, como o aristotelismo, o aristotelismo medieval (S. Tomás), o materialismo ilustrado do s. XVIII, o positivismo do s. XIX, etc. son, sen excluír posibles coincidencias en determinados aspectos, opostas ao platonismo.

### TEMA 3: FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES

#### Vida e obra de Aristóteles

Aristóteles naceu en Estágira, –península de Calcídica, NE. de Greza, 384/83– e morreu en Calcis –illa de Eubea, E. de Greza, 322 a. C. O seu pai era o médico de Amintas II rei de Macedonia (avó de Alexandre Magno). Foi enviado a estudar a Atenas ao quedarse orfo sendo un neno e os 17 anos entrou na Academia e alí quedou durante 20 anos, até a morte de Platón. Despois de viaxar por varias cidades gregas, no 342 Filipo, novo rei macedónico, o contrata para educar o seu fillo Alexandre (Magno) que cando chegou ao poder, tras ser asasinado o seu pai, continuou implantando en toda Greza, e fora dela, a política de unificación monárquica, xa iniciada polo seu pai. Sitúase pois a súa vida nunha conxuntura na que a polis comeza a desaparecer como unidade política básica da vida grega o que afecta grandemente á vida política e social desta cultura.

Tras residir uns anos en Estágira (despois de que Alexandre deixara os seus estudos para asumir a rexencia do reino durante unha ausencia bélica do seu pai, o rei), volve a Atenas no 336 a. C. tras a morte de Filipo, onde funda unha nova escola coñecida como o Liceo e onde vive ata a morte de Alexandre no 323 a. C. momento no que a rebelión contra a monarquía macedónica o obriga a fuxir a Calcis de Eubea onde morre no 322.

Aristóteles escribiu dous tipos de obras: as chamadas obras ‘**exotéricas**’, escritas para o gran público, en forma de diálogos, de carácter ameno e divulgativas das que, por desgracia, non conservamos máis que escasos fragmentos; e as obras ‘**esotéricas**’, escritas para o uso interno do Liceo, que non foron publicadas en vida de Aristóteles e que teñen un carácter eminentemente técnico o que determina que o seu estilo sexa moito menos brillante co de Platón. Hoxe existe un relativo acordo sobre que as obras aristotélicas non foron redactadas só nos anos do Liceo senón durante toda a súa vida, empezando pola súa estancia na Academia, mantendo, sen embargo, bastante unidade doutrinaria aínda que cos cambios lóxicos propios dun proceso de maduración intelectual.

Os escritos esotéricos, organizados e publicados por Andrónico de Rodas no s. I a. C., sóense dividir actualmente en 5 grupos que se inspiran na clasificación aristotélica das ciencias:

## CIENCIAS TEÓRICAS:

1. **Lóxica** ('*Órganon*': Aristóteles non usou o nome de lóxica): **Categorías**; *Sobre a interpretación*; **Analíticos: primeiros e segundos**; *Tópicos e Elencos sofisticos*. Todos eles tra tan de temas que teñen que ver cos xuízos, predicados, siloxismos, demostracións e, en xera l, con todo o que teña que ver co arte do razoamento. A lóxica, en realidade, non é en si mesma unha ciencia pero si un instrumento para todas elas.
2. **Libros sobre a natureza**: **Física**; *Sobre o ceo*; *Sobre a xeración e corrupción*; *Meteorolóxico*; *Sobre a alma*; *Historia dos animais*. Tratan sobre o cambio, a cosmoxía, os fenómenos celestes, a psicoloxía (*psykhé*, significa a lma en grego), a bioloxía e, en xera l, todos os fenómenos que ocorren no mundo natural.
3. **Metafísica**: **Composta de 14 libros** (que constitúen un libro único no que están recompilados) que tra tan do Ser, a Realidade, o Motor Inmóbil, etc. Ontoloxía e Teoloxía, todo o que Aristóteles denominaba 'filosofía primeira'.
4. **CIENCIAS PRÁCTICAS (Ética e Política)**, ciencias que guían as accións humanas cara a consecución da felicidade): **Ética a Nicómaco**; **Política**; *Ética a Eudemo*, *Gran Ética*. Son libros que, obviamente, tratan de problemas relacionados coa ética, a virtude, o goberno e as súas formas..., dende un punto de vista máis empírico que teórico.
5. **CIENCIAS POIÉTICAS (produtivas ou de creación)**: *Retórica*; *Poética*... que tratan de como convencer coa palabra, de como crear unha obra de arte, un discurso argumentativo e, en xera l, das ciencias que conducen a creación ou fabricación de algo.

## A Teoría Hilemórfica

A teoría hilemórfica expón Aristóteles na súa **Física**, o que é completamente lóxico tendo en conta que é unha teoría que trata sobre a estrutura dos seres naturais, físicos; pero en tanto que está na base da súa concepción do 'ser', é unha doutrina que ten que ser necesariamente abordada tamén na explicación da súa metafísica, na explicación da substancia e dos modos de ser.

Aristóteles concibe a substancia, o individuo concreto con existencia independente, como un composto de materia (*hyle*) e forma (*morphé*).

**A forma** é a esencia xenérica –o que Aristóteles denomina en ocasións '**substancia segunda**' por contraposición á '**substancia primeira**' que son os individuos concretos– que determina á materia a someterse a unha configuración específica e non a outra –p. ex.: o que fai que un can sexa un can, e un gato, un gato, é a súa forma que se impón sobre a materia (moi semellante, por non dicir a mesma en ambos casos: carne, osos, pelo, etc.) de xeito que a ordena seguindo determinadas pautas propias de cada especie ou xénero e non de outra. **É un principio interno das cousas que no caso dos seres vivos podemos identificar coa súa alma** (principio de vida, de actividade). As plantas terán alma *vegetativa*, os animais

*sensitiva* e o home *racional*. Agora ben, a forma non pode existir máis que na materia –non como as ideas platónicas que serían o mesmo pero externas ás cousas mesmas, separadas do mundo.

**A materia** é do que está feita unha cousa, a súa parte física. A materia dun ser inerte (como son todas as cousas

fabricadas polo home) é o material de que está feito, así a materia dunha estatua de mármore é mármore ou a dun anaco de ferro é ferro. A materia dun ser vivo é o conxunto dos seus órganos e elementos constituíntes. En último termino, os elementos materiais de calquera ser poderíanse reducir aos catro elementos básicos que constitúen a natureza: auga, terra, lume e aire. A materia que podemos observar no mundo natural, ten que ter sempre, por tanto, unha forma pois todo elemento material observable na natureza é algo determinado, e dicir, ten unha esencia, por exemplo: eu son un home (sustancia primeira) que ten unha forma (ser home, sustancia segunda) e unha materia (carne, osos...), pero a materia da que estou feito non é 'pura materia' pois xa é algo determinado (os osos 'son', precisamente osos, esa é a súa esencia). A esta materia que xa está 'formada', que é a que realmente podemos observar na natureza, dásele o nome de materia segunda.

Loxicamente, sen embargo, como mero artificio da nosa razón, pódese concibir unha materia absolutamente indeterminada, sen forma (informe), e que, polo tanto, non é nada concreto, que recorda ao 'a peiron' de Anaximandro chamada 'materia primeira' que non é, de ningún modo, identificable cos catro elementos de Empédocles que Aristóteles admite como compoñentes básicos da natureza pois estes xa teñen forma –a forma de aire, agua, terra ou lume– mentres que a materia primeira non existe na realidade, na natureza.

Tanto a materia como a forma son eternas pero non existen independentemente, como acabamos de ver, unha da outra. Aristóteles, claramente, da prioridade á forma pois ela é a esencia do individuo, o que é propiamente cognoscible e definible (xa que o que é cognoscible da materia o é porque ten forma e, por iso, no caso da materia primeira mesmo non pode ser coñecida).

A forma é común a toda unha especie, é o que nos permite facer xeneralizacións ou universalizacións, e, por elo, dende un punto de vista lóxico é anterior ao individuo, mentres que a materia é o que 'individualiza' (principio de individuación), o que permite que fa lemos dun individuo concreto a pesares de que compartira a súa forma cos da súa mesma especie. Isto nos permite afirmar que o feito de que unha sustancia concreta (un individuo) estea composta de materia e forma, significa que está composta de individualidade e universalidade.

### **física e metafísica en aristóteles: a causalidade**

Coñecer verdadeiramente algo é coñecer as súas causas. Coñecer o que é a Natureza (Physis) é coñecer cales son as causas dos seres naturais e dos seus cambios. Segundo Aristóteles hai catro causas das cousas e dos seus cambios que el explica co exemplo dunha estatua de bronce.

As dúas primeiras constitúen as chamadas causas intrínsecas, pois afectan ao cambio dende a propia sustancia que cambia:

- **Causa material** (a materia que, como xa vimos, constitúe as cousas), da existencia da estatua de bronce é o propio bronce que ten a potencia pasiva de ser unha escultura.
- **Causa formal** (que é a esencia ou forma, o que as cousas son con independencia da súa materia) da estatua é xustamente a forma que induce ao escultor a transformar o metal dunha determinada maneira e non doutra.

A 3ª e a 4ª constitúen as chamadas causas extrínsecas pois afectan ao cambio dende fora da sustancia que cambia:

- **Causa eficiente** ou motriz (a orixe, aquilo do que proveñen as cousas) a que actúa na materia para plasmar a forma; o martelo e o cizelo que o escultor fai a estatua.
- **Causa final** (a meta, aquilo que as cousas teñen que ser, cada unha segundo a súa natureza) a finalidade á que se destina a estatua.

Se tomamos como exemplo a un home veremos que a causa material sería a materia concreta de que esta feito. A causa formal sería a forma ou esencia 'home' que fai que a materia que o compón adopte a forma de home e non a de un can, por exemplo. A causa eficiente serían outros homes (os seus pais). E, por último, a causa final sería aquilo que ese home, dende a súa concepción, está destinado a ser, o fin cara ao que se dirixe (que non é outra cousa que ser, precisamente, un home).

En realidade, a causa formal, a eficiente e a final, poden ser reducidas a unha soa: a formal.

É evidente que a causa eficiente é sempre unha forma determinada (uns homes, no exemplo anterior) que obriga a que o ser producido sexa ese tipo de ser e non outro (un home e non un can, por exemplo. E dicir: e o feito de que os nosos pais tiveran a ‘forma home’ o que determina que nos sexamos homes).

Máis evidente aínda é o feito de que a causa final non é máis que a forma, pois aquilo no que cada ser se ten que converter, aquilo que ten que chegar a ser, non é máis que a forma propia de dito ser –no noso exemplo, outra vez, ‘home’. O fin non é máis que a actualización da forma o que implica que a visión aristotélica do cambio e movemento das cousas do mundo é teleolóxica e inmanente, é dicir, que todas as cousas do mundo perseguen unha finalidade interna, marcada pola súa propia natureza, que non é outra cousa que alcanzar a propia perfección.

Respecto á causa final e preciso sinalar a súa enorme importancia posto que imprime no pensamento aristotélico un **teleoloxismo** (a afirmación de que todos os fenómenos suceden por que responden a un determinado obxectivo) que vai ter moita importancia na súa teoloxía: A transcendencia divina parece facer imposible que Deus sexa causa do movemento no mundo posto que é alleo a el, sen embargo, se entendemos a **Deus como causa final á que todas as cousas tenden** como tende o namorado ao obxecto do seu amor mesmo cando dito obxecto o ignora, é fácil ver como, aínda sendo transcendente, Deus pode ser causa –fina l– do movemento no Mundo. Noutras palabras, a Natureza persegue un fin, responde a un plan ordenado por unha mente divina, concepción que terá enorme importancia na Idade Media en autores como Sto. Tomás de Aquino pero tamén mesmo na Idade Moderna...

### **A Teleoloxía**

Para Aristóteles a filosofía primeira ou Metafísica era tamén unha ciencia que debía dedicarse ao estudo da causa primeira (ou final, se consideramos a Deus como o fin ao que todos os seres tenden) de todo o movemento e cambio no mundo. O movemento se concibe como o paso da potencia ao acto, isto é, como o paso do que aínda non é ao que é. Pero, segundo Aristóteles, para que se produza calquera tipo de cambio ou movemento no mundo e necesario que exista algunha causa para este movemento. Si ben e certo que a causa dun cambio ou movemento pode ser causada, a súa vez, por algunha outra causa e esta por outra, e aquela por outra constituíndose así unha cadea causal, non e menos certo que dita cadea, di Aristóteles, non pode ser infinita, porque se o fora, calquera movemento debería pasar por unha infinidade de causas que non acabarían nunca de pasar facendo imposible o movemento, debendo existir, polo tanto, un Primeiro Motor causa e orixe de todo movemento e cambio no mundo pero inmóbil el mesmo para trincar a cadea infinita de causas. Un Primeiro Motor de este tipo e facilmente asimilable a Deus. Sen embargo –e isto é moi importante– o Deus aristotélico non crea o mundo porque o propio mundo tamén é eterno e perfecto –aínda que sexa finito, porque a infinitude implica incompletude e, polo tanto, carencias e imperfeccións. Sendo o mundo eterno tamén o serán o tempo, o movemento e as formas de todas as substancias que o constitúen –a de home, a de pedra, a de caba lo... Todo isto impide que o Primeiro Motor teña as características do Deus creador do xudaísmo, do cristianismo ou do islam, e tampouco posuirá o carácter persoal, de relación directa co home, que ten o Deus destas relixións..

O Primeiro Motor sería acto puro porque non pode ter ningunha potencia (ter potencia significaría carecer de algo o cal iría en detrimento da súa perfección), indivisible (simple: que non ten partes) e, como a base para que algo teña potencialidade é que sexa material é, polo tanto, inmaterial e inmensurable, sen extensión. El é a causa da orde do mundo e de todo o seu movemento.

Este ser estaría por riba de calquera outro ser do mundo natural pois sería forma pura, posto que non ten materia, ocupando, na concepción xerárquica dos seres do universo que ten Aristóteles o primeiro lugar por non ter a composición hilemórfica de calquera outro ser. Primeiro estará o motor inmaterial e, despois, o Cosmos, o conxunto dos seres materiais pero incorruptibles e eternos que son os astros compostos de éter e, finalmente, dos seres corruptibles compostos polos catro elementos propios do mundo sublunar.

A Cosmoloxía aristotélica, é dicir, a explicación que Aristóteles dá da estrutura e funcionamento do universo, vai ser admitida sen discusión hasta o comezo da revolución científica da Idade Moderna e caracteriza se por ser teleolóxica no sentido de que as cousas cambian en función do que a súa propia natureza ou forma lles impón como perfección, como fin a acadar –así un home tende a ser home o máis perfectamente posible e un cabalo tende a ser cabalo o máis perfectamente posible– polo que poderíamos engadir que a cosmoloxía aristotélica é esencialista no senso de que todo o que ocorre no Universo se explica en función da natureza ou esencia dos seres que o constitúen. Pero isto, en último término, non é máis que outra forma de dicir que se dirixen a cumprir a súa perfección aproximándose o máximo posible á perfección do Primeiro Motor Inmóbil que se constitúe así en causa final cara á que todas as cousas tenden. O Motor Inmóbil actúa como causa final, non como causa eficiente, pois o universo no seu conxunto cambia e se move pola atracción que Deus (aínda que Aristóteles non lle dá ese

nome e, dende logo, non é o Deus persoal e creador das relixións monoteístas) exerce sobre el, e polo afán do universo de aproximarse á perfección do Primeiro Motor.

A diferenza dos estudos sobre bioloxía que Aristóteles desenvolve ao final da súa vida, a súa cosmoloxía é completamente dedutiva (en absoluto empírica) e difere, a priori, sen indagar dende os sentidos, entre dúas grandes partes do Cosmos que se denominan respectivamente mundo sublunar e mundo supralunar.

O **mundo sublunar**, que como o seu nome indica está por baixo da esfera da Lúa e corresponde ao noso planeta (que estaría no centro) e o que hai no espazo que o circunda hasta chegar a dita esfera. É imperfecto e perecedeiro xa que nel as cousas nacen e se corrompen porque é o mundo dos chamados catro elementos que se moven nel con movementos rectilíneos ascendentes (lume e aire) ou descendentes (auga e terra) segundo a súa maior ou menor lixeireza –así, a terra, o elemento máis pesado, está no centro (o que é un argumento máis a favor do xeocentrismo), despois ven a auga, o aire e, finalmente, o lume. Os catro elementos pódense encontrar separados ou mesturados entre si segundo diversas proporcións, constituíndo todos os seres existentes que en función dos seus elementos predominantes, se moven buscando o seu ‘lugar natural’ cerca deles –así os seres máis pesados tenden a caer e os seres máis lixeiros a ascender. Os movementos que non son rectos rompen coa orde natural e por elo son forzados e chámanse movementos violentos. Por último, todo movemento ten un fin, contribúe á orde do Cosmos (teleoloxismo).

O **mundo supralunar** está situado por riba da esfera da Lúa e é máis perfecto porque todos os astros (Mercurio, Venus, Marte, Xúpiter e Saturno, o Sol e as estrelas) están formados só por un quinto elemento que recibe o nome de éter que é moi sutil, transparente, incorruptible e eterno. As cousas deste mundo, polo tanto, non proceden da mestura dos catro elementos terrestres polo que **nin nacen nin se corrompen**. O movemento dos astros, que están suxeitos cada un á súa propia esfera (igualmente constituída por éter) é circular, uniforme e eterno –perfecto– porque o lugar natural do éter é a equidistancia ao centro do mundo que só se consegue con este tipo de movemento.

As esferas son as que realmente se moven e se dispoñen, todas elas, de forma concéntrica, coa terra no centro e a esfera das estrelas fixas como a máis externa, dependendo do seu movemento, en última instancia, do Primeiro Motor Inmóbil que imprime movemento a todo o universo a través da esfera das estrelas fixas (en realidade Aristóteles, por razóns que teñen que ver coa explicación do movemento aparente dos planetas, fala de moitas máis esferas que de astros, en concreto fala de 56, incluíndo a das estrelas fixas –engade 22 con sentido de xiro contrario ao sistema de esferas de Eudoxo de Cnido [408 - 355 a. C.], perfeccionado por Calipo de Cícico [s. IV a. C.]– e pola mesmas razóns fala de 55 motores inmóbiles intermedios para cada unha das esferas internas e dun Primeiro Motor Inmóbil para a derradeira esfera das estrelas fixas).

### 3.3- ARISTÓTELES; O PROCESO DE COÑECEMENTO: EXPERIENCIA SENSIBLE E ENTENDEMENTO

Platón entende (segundo a Sócrates) que hai coñecemento se é coñecemento do **universal**. A partir de aí establece unha distinción entre coñecemento **sensible** (do particular) que non é propiamente coñecemento, e coñecemento **intelixible**, do universal, e polo tanto, auténtico coñecemento.

Aristóteles engadirá que o auténtico coñecemento ademais de ser do universal debe ser tamén do **necesario**: ten que ser así e non pode ser de outra maneira.

Aristóteles é un claro expoñente do empirismo, teoría que afirma que todos os nosos coñecementos orixínanse a partir da experiencia. Denomínase abstracción ao proceso mediante o cal pasamos do coñecemento sensible, que coñece o individual e concreto, ao coñecemento intelectual, levado a cabo polo entendemento ou intelecto (noûs), que coñece as formas ou esenciais universais.

Os sentidos captan as cousas individuais (compostas de materia e forma). A **percepción sensible** deixa impresa na memoria unha imaxe do obxecto. O **entendemento (activo ou axente)** despois á imaxe dos seus elementos individuais e abstrae a forma ou esencia universal. O **entendemento paciente (pasivo)** coñece a forma abstraída polo entendemento axente.

O entendemento paciente e a capacidade de pensar, de coñecer que temos os humanos. O entendemento axente é pensar algo concreto.

## **RELACIÓNS (DE SEMELLANZA OU DIFERENZA) CON OUTROS AUTORES, CORRENTES FILOSÓFICAS OU ÉPOCAS DA HISTORIA DA FILOSOFÍA**

Os filósofos presocráticos, como no caso de Platón, teñen moitísima influencia no pensamento de Aristóteles como mostra o feito das abundantes citas que deles fai nas súas obras. Parménides é especialmente considerado pola súa visión do problema da imposibilidade do movemento derivada da súa teoría do ser inmóbil que inflúe en Aristóteles á hora de buscar unha explicación racional do movemento que sexa compatible co mantemento da invariabilidade das formas que constitúen a esencia das cousas concretas. A teoría dos catro elementos de Empédocles está presente en Aristóteles na composición última do mundo sublunar. Os sofistas, Parménides e Platón influíron no desenvolvemento da lóxica aristotélica. Sócrates, en concreto a súa visión do coñecemento universal e necesario que se plasma na visión aristotélica das formas como meta do coñecemento abstractivo, e outras das influencias que se deixan sentir en Aristóteles. De Platón, a pesar da crítica aristotélica á teoría das ideas, toma as características básicas das ideas pero eliminando o feito de que estean separadas do mundo físico e uníndoas de xeito definitivo ás cousas mesmas dándolles o nome de formas.

A influencia de Aristóteles na posteridade foi enorme, quizais ningún filósofo anterior nin posterior impuxo o seu pensamento por tantos séculos como el, pasando pola Idade Media, o Renacemento e a Época Moderna. Moitos dos termos filosóficos usados aínda hoxe en día teñen o seu orixe en Aristóteles (siloxismo, substancia, esencia, accidente, categorías...). A moderna ciencia da lóxica tamén lle débelle moito. As súas investigacións biolóxicas e o seu método baseado na observación influíron moito nas posturas empiristas do XVII e XVIII e, en xeral en todas as filosofías 'cientifistas'. Tamén foi fortemente criticado, non tanto el como os aristotélicos medievais, por supor a súa visión do universo, que foi aceptada case sen discusión ate a aparición da Ciencia Nova no s. XVII (aínda que Copérnico xa criticou o xeocentrismo no s. XVI), un freo para o avance da ciencia por mor da autoridade exercida por este pensador que durante séculos foi indiscutido.